

Compostela, 22-IX-68

Luis Luis :

Nestes días regresamos de América. Eiqñ agardábanos o teu novo e fermoso libro de dibuxos "Retratos Furtivos". Xunto con el agardábanos tamén o catálogo da tua "exposición retrospectiva". Foi unha leda sorpresa, e tamén, pola oportunidade do encontro, foi como a chave cordial que nos reintegróu ó mundo galego supretamente e con toda a fondura emotiva do noso sentir.

Verdadeiramente, é gozo profundo e sutil ir pasando as páxinas de teu libro, tan animadas de expresión viva como cheas de sabiduría humana. Despois de ver - repetidas veces - estes "retratos furtivos" da humanidade europea, agardo con ilusión os 54 retratos de humanidade galega que se anuncian no prólogo. Serán, estou seguro, un gran documento do noso pobo, un documento que fará perenne polo milagre do arte a realidade fugidiva da vida.

¡Canto me gustaría ter visto esa exposición retrospectiva! O xenio artístico galego mostraba nela a súa expresión máis vigorosa e moderna. Trátase dunha exposición que nos honra a todos, que nos ennobrece a todos ante o mundo. Moito che agradezo a xentileza amistosa de nos ter enviado un exemplar do catálogo, que tanto a Isabel como a min nos emocionou moi sinceramente. Como ocorre co libro dos "retratos furtivos" tamén me quita ollar de vez en cando o catálogo. Ademais ocorre que, non sei por qué misterioso motivo, a derradeira lámina é a que máis me impressiona, así que sempre me quedan desexos de o ollar de novo.

Dixéranme alí pola primavera que agora no outono viriades a Galicia; ¡ogallá sênc certo!

Apertas mosas pra os dous

Ramón